




IAR



MAGARIÑOS NEGREIRA

era 30 H. P.

30 céntimos

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F 3080

Biblioteca

LAR

leva publicados os seguintes números:

- A miña muller**, por W. Fernández Flórez.
O Anarquista, por Leandro Pita Romero.
O Pastor de D^a. Silvia, por Aurelio Ribalta
Naiciña, por Leandro Carré Alvarellos.
Os probes de Deus, por L. Amado Carballo.
Martes d' Antroido, por Francisca Herrera
Antón Piruleiro, por Jesús F. González.
Pantelas, home libre, por R. Otero Pedrayo
A terra chama, por Uxío Carré Aldao
O lobo da xente, por Vicente Risco.
Buserana, por Gonzalo López Abente.
A dona das torres, por Anxel del Castillo.
Ana María, por Xuan Xesús González.
A propia vida, por Leandro Carré Alvarellos.
Cabalgadas en Sainés, por F. Bouza Brey.
Anxêlica, por Florencio Vaamonde.
Manecho o da rúa, por Xosé Lesta Meis.
O kalivera 30 H. P. por Xulián M. Magariños.
- e publicará o derradeiro sábado de Marzal

CON SENTIMENTO

por LUIS G. VICENCIO

LAR

É a única publicación galega que proporciona mensualmente aos lectores unha novela por 30 céntimos.

* Suscripción á 6 números 1'60 Ptas. *

Administración e Imprenta: Real, 36 - 1.º A CRUÑA

L A R

REVISTA MENSUAL

DIREITOR: LEANDRO CARRÉ

ADMINISTRADOR: ANXEL CASAL

Ano 3

Febreiro de 1926

Núm. 18

O Kalivera 30 H. P.

NOVELA ORIXINAL E INÉDITA

P O R

Xulián M. Magariños

(Portada de CAMILO DÍAZ)




IMPRENTA LAR

Real, 86 - 1.º

A CRUNA

Ista noveliña é propiedade do Seminario
de Estudos Galegos de Compostela sin cuio
permiso fica prohibida a traduzón ou repro-
duzón.



O KALIVERA 30 H. P.

1

ENDEXAMAIS me puiden espricar o nacemento d'aquela coida que medrando, medrando, paseniñamente, cáseque non me cabía xa drento dos miolos. Escomezou por percurar acougo entre as demais; cando o atopou, solermiña e mainamente, foinas botando fora pra estar ela mais folgada e, ao cabo, impóndose pol-a forza, largounas a todas, quedando dona e señora da miña moleira. Tembrei pol-a miña liberdade e con razón. - É mais forte ca min, coidei, e non vou ter mais remedio que deixar-me escravizar.

Manxinara mercar un automóvil e, anque ao comenzo desbotei iste pensamento como unha parvada, non sei si pra vingarse o tal pensamento do meu abafallo ou porque fose o meio de que se servía a Fatalidade pra facer a miña disgracia, o conto é que chegou un instante en que tolo xa e escismado non tiven mais remedio que percurar facer realidade o que endexamais debera de pasar d'unha quimeira. Parésceme que algunha culpa do seu desenrolo tivoa un anunzo que ollei nun boletín: «O que tendo

alguns cartos non merca un Kalivera 30 H. P. non é persoa decente. Eu curéi decote moito do meu creto.

O primeiro problema que se me presentou foi o do diñeiro. O meu emprego de tedor de libros nun almacén de ferreiría non me permitía facer aforros; gracias con ter d'abondo pra levar unha vida folgada de solteiro novo. Consentiría meu tío? A esperanza fixo bulir os latexos do meu corazón. Mais logo unha bafarada de pesimismo xiounos aínda máis, esborrallando todo o meu castelo de ilusións. O meu tío era un home aferrado ao antigo que non podía enxergar deica onde chegaba o refinamento dos praceres de ogano que tan custosamente nos ofresce a civilización. Endemais, tiñalles tanto medo como malquerencia aos vehículos mecánicos dendes que unha motocicleta lle desbandullara unha cadela a quen quería e aloumiñaba tanto...! Pouco lle fallou pra pór loito por ela.

O meu tío Bieito, irmán do meu pai, e derradeira persoa da miña familia era un vello que pasaba xa dos sesenta anos. Fora calrista na súa mocidade e agora adicábase a lêr as curiosidades do «Alrededor del Mundo» que pra il jo que fan os anos! eran artigos de fé. Sin ser moi ricaz tiña d'abondo pra se dar unha boa vida. Era o meu tutor e o administrador da curta facenda que herdara dos meus pais. Acougaba nun piso pequerrecho d'unha casa súa, e eu ollando pola miña liberdade persoal convencino, tendo en conta que a casa chegaba malamente para os dous e que me cadraba algo lonxe da miña oficina, de que me deixase ir parar a unha pousada.

Como ía dicindo, sospeitaba que o meu tío non quixese compracer o meu degoiro. Asemade, unha serán, dimpois de saír do esquirtoiro funme cabo d'il disposto a facerme ouvir. Recibéume agarimoso

coma de cotío. Hachábase moi atafegado facendo charutos c'unhã máquina.

- Meu tío - díxenlle - e vostede pra que emprega esa máquina podendo facer os pitos menos traballo - sa e mais sinxelamente côs dedos?

- As cousas - reprecóume - se non deben facer como a nós nos conveña, senon como lle conveña ao progreso dos pobos. Certo que iste artefai to que eiquí teño non serve mais que pra dar traballo, pro iso non importa. Debemos protexer â industria e azoar, aos inventores pra ver se ao fin fan algo que valla a pena.

Coma de costume, siguéu parolando il sô. Namentras eu maxinaba como había de escomenzar. Aproveitei un esbirro pra lle dicir:

- Quixera falar con vostedez ahi encol d'un asunto...

- Home, ti dirás... Quéste casar?...

Non, señor, non. Quén pensa n'iso! É outra cousa que non sei... Si vostede quixera...

- Pois fala axiña que che escoito.

- Vostede pra min foi sempre mais que tío, pai... qué digo pai? Vostede pra min foi unha nai. Doume educanza, coidado e agarimo; fi to de min un home útil pra os demais e pra min mesmo; nunca degaréi cousa que ao istante non tivese; non me lembro da mais pequena disgraza... A vida que pra outros é noite escura do nadal, fixo vostede que pra min fose asaloso abrente de primaveira. Qué lle debo mais que eterna gratitude?

- Boeno, boeno, remata d'unha vez.

- Pois vostede verá. O outro día, pasando eu e mais outro pol-a rua Maor, ollamos nun garaxe un automóvil que mesmo daba gloria fitar pra il. Era un Kalivera catro cilindros, trinta cabalos de forza. Esculcamol-o prezo e ficamos pasmados da baratu-

ra; era cáxeque de valde. Non custaba mais que seis mil pesetas.

- E qué me qués dicir con todo iso?

- Eu arelaba mercar un...

- Ti toleache rapaz? Sabes o que dis? Xa dendes d'agora che digo que non contes comigo pra nada d'iso. Estariache boa!.. Empregar vintecatroy mil reás nun automóvil! Cala, cala non che quero ouvir falar mais d'isa parvada!

- Eu non cobizo senon que vostede me adiante ises cartos da miña herdanza. Non quero unha esmola... non lle pido nada do seu!..

- Afópote descoñecido, Xulio!

- Pois son o mesmo.

- Xa vexo que che pesa a autoridade d'iste vello e qués te desfacer d'ela. Non queres ouvir os consellos...

- O que quero, meu tío, e que vostede me dea ises cartos.

- Dareichos, home, dareichos; dareiche todo canto teño teu. Empregao como che dea a gana, proxa sabes que pra min remataches. Te non quero voltar a ver n'ista casa. Xa mandatei á tua total-as contas...

Saín á rua meio atordoado. Tan bô como meu tío fora pra min decote! Non me merecía o que lle eu fixera! O bruar d'un automóvil fíxome arredar pra unha veira. Ollei pra il e esquencime do meu tío. Aquelo si que era bonitura! Maxineime guidando o Kalivera e sorrín asallosamente.

- Asegúrolle que ha quedar satisfeito d'il - dixo-me don Xaquín, o representante, namentras fitábase un Kalivera - . O prezo xa o sabe vostede, seis mil pesetas; agora lle será de ben adequirir bandaxes de reposto e algunha mais ferramenta pra un caso de necesidade.

- E canto valerá todo iso?

- Pouca cousa. Rubirá sômente uns centos de pesetas. E si vostede quer firmar a carta de anunzo fareille unha pequena rebaixa...

- A ver que carta é isa.

Remexeu un pouco na carteira e amostróume un papel que decía: «Ao representante do automóvil Kalivera. - Meu apreciabel amigo: Quero facer pùbrica a miña satisfaiçión pol-o adquiremento do seu automóvil. Dendes que o merquei, non tivo o mais péqueno tropezo. Cada día háchome mais satisfeito de empregar os cartos nil. Seu affm. J. s. s.»

- Vostede non ten mais que firmar ahi ao derradeiro.

E alí estampeu a miña firma. Estaba xa moi orgulloso do meu Kalivera.

- Agora eu lle procurarei quen llo adeprenda a conducir.

Aquela noite non pechei ollo cavilando no automóvil: Ao abrir o día funme ao garaxe. Alí atopei cò mestre, un empregado de don Xaquín.

Nos primeiros días sô guiaba o mecánico; eu non

facía senon ollar pra il. Dimpois deixóume botal-a man ao volante e asemade fun eu quen o dirixiu. Aquel era un pracer novo e descoñecido pra min! Ao sentire eu nas meixelas o bico fresco e firente do vento mañanceiro, remexido na nosa carreira, un estremecimento de dila faciame esquencer do mundo sin lembranza nin acordo mais que prâ forte emoción da velocidade.

O Kalivera voaba pol-as costas abaixo inda que en principiando á rubir finábaselle o azo e rematábaselle a ardencia. Parecía que ia dal-as boqueadas. Neste intre berrábame o meu compañeiro:

- Métalle primeira, métalle primeira!

Eu metíalla. Destoncias escomenzaba á bruar de tal xeito que facía fuxir atordoados e medoñentos aos paxaros que acougaban nos albres da veira da estrada. Algunha vegada tiven tamén eu medo de que nos esmingallase aos dous.

Baixábamos unha encosta pina de vez. O automóvil marchaba levián a unha velocidade n-il descoñecida.

- A modo, - avisóume o mecánico - que alí ven unha volta. Cargue vostede cò pé no freno. Axiña, que non vai ter tempo!

Aquelo desconcertóume. Levantei o pé e deixeiño cair sen saber onde, con tan ruín fortuna, que me trabuquei e en vez de cargar no freno, pisei no acelerador. O Kalivera botóu a voar como unha anduriña. Non sei o que alí pasóu. Sô me lembro de dar dous tombos e ir enfuciñar a unha leira de millo. Cando me erguín atordoado ainda, sentín unha forte dôr no brazo dereito, e palpando n-il, vin que o tiña rompido. A xente que traballaba na agra deixóu o labor e veuse cara alí. Un vello foi quen chegóu o primeiro:

- E logo - preguntóu - houbo disgracia?

- Eu rompín un brazo - díxenlle.

-- E vostede? - demandoulle ao meu compañeiro.

- Non teño mais que unha mazadura eiquí no aranguelo.

- Pois lédome ben - dixen pra min - de que non fose cousa maor. Puido partil-o espiñazo...

Chegou mais xente, arelante de saber o que ocorrira. Foi o vello que chegara primeiro o que falou:

- Pouca cousa. Sômente eiquí o señor ten o brazo partido.

- Moitas gracias ten de dar a Deus - dixo unha muller - pol-a sorte que lle deparou. Non sei como non ficou no canto! Foi un santo da sua devoción o non tanguer hoxe as campás a morto!...

Teño ouservado que cando pasa unha disgracia a xente mais que doerse d'ela, lédase de que non socedese outra maor. Cando morreu o sogro do meu xefe fumos eu e mais un compañeiro a visitalo como era a nosa obriga. Adentráronnos nun cuarto onde acougaba il coa muller e algunhas mais persoas. Dtm pois de decir as parvadas que se adoitan n'istas ocasións, ficamos calados. Eisi estivemos en silencio non sei canto tempo. Ao meu xefe cantáballe o bandullo. Un home abréu a porta e chegándose a il paseniñamente díxolle ao ouvido silandeiro, anque d'abondo outo pra que todos lle ouviseamos, - Xa está afeitado. N'isto a muller botouse a saloucar e unha amiga que ficaba á sua veira díxolle: - Non sei porque has de chorar d'isa maneira. Ainda debíades dare moitas gracias al Señor, porque dese a sua i- alma na sua casaña, acaroadado dos seus fillos. Coida se vos morrera unha noite de choiva, sô nun monte ou afogado nun río sen ninguén que lle valesse! O morrer non é disgracia ningunha, o piquer é onde se morre. Todos temos de morrer. - Hastra morren os reises - sentenciou unha vella.

O meu brazo doíame que adoeceia. Por consello do vello que chegara ali o primeiro endereiteime co-íl a casa do médico que ficaba ali preto. Peta-mos á porta e saiu unha criada.

- Anda por ahí, teu amo rapaza?

- Fai un instantiño que sortiu, ca escopeta a mais cós cáns. Débelle d'ir ao monte aos coellos.

- Coñécese que hoxe quixo variar... Non sempre tiña de cadrar aos doentes...

- E verdá, si señor - confirmou ela.

- Logo ímonos a pé do meu compadre Xacinto, o albeitar, que pra istas xeiras ten as maus d'ouro,

E alá me levou pr'onde quixo, pois eu coa miña dôr nin coidaba, nin cáxeque via. O albeitar estaba chamuscando un porco; mais en canto se deprocatóu da miña doenza, deixou o atafego e, dispoixas de lavar as maus nun regueiro, mandou traguel-os anteollos e veu cabo de min, solermiñamente, coma quen non pode xa termar cō peso de tanta sabencia. Apalpoume o brazo, viróumo e dixo:

- Voulle dar unha mala nova. Non sō ten o brazo partido senón que ademais teno fraaturado.

- Gracias por non se esnaquizar - dixo o vello.

- Vostede percure compôrmo pra agora, que dim-pois xa irei onda un ciruxano.

- Como que pra agora? Sei eu d'istas cousas tanto coma calquera médico, pois adprendino nōs libros do de Sibrans, que lle merquei á sua xente cando morreu. Xa verá como ha quedar satisfeito... Ai, Manoela! T'ai a botella do vinagre e mais un anaco de unto...

Non sei o que sufrirían os probes condanados pol-a Inquisizón, aló n'aqueles fondos e misteiriosos impaces, arrodeados de cruceles buxeus e de arrepiantes ferrollos, coido que non había ser moito mais do que eu sofrin nas maus d'aquel home

Abonde dicir que cáxeque quedei rouco de tanto lairme.

- Canto lle debo pol-o seu traballo? - preguntéi-lle cando finou.

- Por ser pra vostede, será logo un peso Deillo, satisfeito de poder fuxir d'il.

- Xa sabe onde me ten pra todo o que precise.

- E cando iamos partir, engadiu: Moito coidadiño agora coa alimentación, eh? ren de substancias intoxicantes nin de comidas acedas.

Na estrada xa me atopei cō automóvil que rubira o mecánico coa axuda duns labregos. Non tiña mais que algunhas mazaduras. E dimpois de lle agradecer a aquelas boas xentes o que por nós fixeran, botamos a andar preto xa do serán.

Cando chegamos à cidade era noite pechada; e como o Kalivera ao cair escachara os faros fivemos que entrar coas luces apagadas. Indo pol-a rúa de Xosé Fernández Pérez, púxosenos diante un guardia coa mau cara riba. Paramos.

- Como se nomea vostede? - preguntóume a min. Díxenlle o meu nome.

- Pois xa se servirá facer efectiva a cantidade de cincoenta pesetas como multa por andar cō automóvil sin luces.

Fiquéi admirado ollando pra il.

- Si n'as quer pagar tereino que levar cōmigo...

O meu compañeiro quixo protestar pro eu contiveno e entreguéi o que se me demandaba. Non quixen xamais ter lios co-esa crás de xente, lembradome das historias arrepiantes que me ten contado un guardia meu amigo. Áhi vai unha.

- Nantronte - dixome un día - apareceu roubada unha tenda do turreiro da Lúa. Non se sabía quen fora, mais sospeitabase d'alí d'un mendoiño que xao tiñamos fichado. Onte a mañán foino a

buscar unha parexa coa orde de o traer prâ cadea. Unha vez n-ela, o mesmo xefe percorrou que cantase craro, primeiro por meio de promesas e logo por amiazas. Batallou co'il non sei canto tempo sin atinguir a mais pequena nova. Faga o favor - dîxenlle de me deixar sô un instantiño co'ista boa peza. Metin un bô fungueiro baixo do brazo e pechêi a porta. - Imos a ver; quen son os teus compañeiros e como fixechedes o roubo do turreiro? - Nin roubei a ninguén nin teño compañeiros de ningunha crás - respondeu con xenreira. Non quixen ouvir mais. Remanguei o pau e zosqueille semellante fungueirazo, entr'os cornos que o deixei sin acordo. Vendo que non voltaba en si boteille unha caldeira d'auga pol-a cachola. Escomezóuse a remexer e ollóume apartado. - Quenes son os teus compañeiros? - volteille a preguntar. E como il ficase calado, zorregueille tan bo fungueirazo no aranguelo que o fixo chamar por sua nai. - Qués falar ou non? - dîxenlle co pau no ar. Vaia si falou! Por certo que o xefe satisfeito dos meus bos servizos, ascendéume a cabo, e prometéume empregar dendes d'hoxe o meu procedemento.

III

A rompedura do brazo deume que facer pra unha chea de tempo. Botei preto de dous meses co-il empanado sin adicarme mais que a pasear e a parolar coa miña noiva, unha meniña falangueira e ben parecida. Atopeina moi alritada, pois cō conto de de-

prender o manexo do Kalivera non fora onda ela en moitos días; mais axiña a engaiolei con catro argalladas e amostrándolle a miña mágoa; si as mulleres non tiveran o fraco do sentimento non habería quen poidese co'elas.

O seu pai ollóume de cote con certa xenreira, pois sei que lle parecía pouca cousa prâ sua filla o empregado d'unha ferreiteira, mais en canto soupo que tiña mercado o Kalivera, ventoume cartos e fitoume con agarimo. Por iso podíamos falar - ela dende unha fenestra a rentes do chan e eu dende a rúa - sen coidado ningún cáxeque todo o día.

Cando sain da casa do médico de deixar enriba da mesa unha man chea de cartos, prezo dos seus servizos, e coa seguranza de me hachar san de todo, fun dereito ao garaxe onde gardaba o meu automóvil pra me gorentar un pouco co'a dita que tanto degoiraba. Fuxín da cidade e collín por unha estrada deserta. Deixei atrás moitos albres e moitas casas; cicais deixase tamén belas paixases, mais eu non as puiden fitar porque tiña medo de arredar os ollos do camiño e esnaquizarme.

Emporiso ao ollar que iste voltaba pra unha banda, metendose nun piñeiral, boféi mau ao freno e dispuxenme a ir a modo, non fose a conta do outro día! Fun frenando paseniñamente e o automóvil foi a paso de can. Algo mais alá da revolta puiden observar que camiñaba un'home, anque cáxeque non o ollei. Pisei no acelerador e escomencei a marchar de presa. Mais ao chegar cara a min e guindandose no chao, botouse a berrar con todos os seus folgos:

- Ai miña naiciña querida! Disgracioume pra toda a miña vida! ¡Ausilio! ¡ausilio! ¡Probiño de min..!

Parei tan axiña como puideron e ollei cara atrás. O home ficaba aínda no chao e amiazabábase coa mau:

- Fuxa agora, se lle parece, cristiano, dimpois de deixar sin pan a unha probe muller e a nove fillos,...

Eu non me espricaba aquilo. Sabendo como sabía certo que nin siquera lle chiscara, como o poideira disgraciarse? Así e todo descin do Kalivera, fun cara il e erguino do ehaio.

- Qué lle socedeu a vostede? - pergunteille.

- É aínda mo pregunta, dimpois de pasar, cáxete que adrede, por riba de min?

Fiquei admirado. Aquel home mentira descaradamente diante dos meus fuciños. Cleais estivese tolo.

- Olle pra eiquí como me deixou isa perna! Deboa de ter partida en trinta cachos. Ai miña naiçiña! Doi que adoece!

Uns canteiros que traballaban n'unha casa preto d'alí, ao ouvir os primeiros berros, viñeron cara a nos pra enterarse da disgracia. Ao velos chegar, reforceuse de d'ôr no chau e alaiouse mais forte e con mais sentimento.

- Meus filliños queridos que ha ser de vos agora, co voso pai disgraciado! Quen vos ha de levar o pan de todol-os días! Morrerei nun hespital e vos morreredes de fame!..

Os canteiros erguérono do chan e mirárono d'un lado e d'outro sin que o sangue aparecesese por ningures. Posto de pé e sinalandome coa mau falou carraxento:

- Ahi o tendes! Presentes me sean testigos de que me quixo matar co automóvil. Isto como Deus m'axude non ha ficar eisí. Xa darei parte á xustiza.

- Abonda de leria - dixeron eu, cheo xa de tanta argallada - De min non se fruslou deica agora nin guén e non vai ser vostede o primeiro. Nin o tripei,

nin d'elo tiven finción. Guindóuse no chan, el é certo, mais non porque ll'eu chiscase cō automóvil...

- Ai, probiño de min! Era o que me fallaba! Dikir agora que non me chiscou! Faleille da xustiza e sei que lle en්රou medrana.

- Mellor pra todos - dixo un canteiro - é que non meta o fuciño a xustiza. Xa que vostede tivo a sorte de saír con ben disto. dea gracias a Deus, e o señor que ande con mais modo de eiquí pra diante.

- Moito fala de portas a fora! E se me deixara no sitio? Que sería dos meus filliños? Ai meus pequeniños! Cando coído que pudéchedes quedar sin pai non sei que me da. Isto ten de ir â xustiza!

Sentía gurgullar tal xenreira drento do meu peito, que si me deixara levar do xenio, botáralle as maus â gorxa e esganarao. Como lle demostraba eu a aquela xente que non tiña ren que ver co aquel ladrupeiro? Chuspín con forza no chao e farto xa de ouvir os seus salaios quíxenme meter no automóvil pra botar a andar. Destoncias un dos canteiros veu cara a min e díxome:

- Eso si que non! Vostede puido deixar sin pai a uns fillos e non é xusto que se vaia d'isa maneira.

- Eu levoó â xustiza por me querer matar. Somente que me dea cen pesos calarei a cousa.

- Cómo que cen pesos? - berrei eu, fora xa de min - Cen croiazos na testa vou lle a meter a vostede por balfroteiro e trampón! Coído que son parvo ou que nascín debaixo d'unha pedra? Estariache boa! Mesmamente lle ia eu dar cen pesos! Pide unha esmola, nugallan, ou poñase a traballare e non se adique a argallar historias de tan cativo praio.

- Haxa paz - dixo o canteiro que me parara - e non se poña vostede tan alritado que a cousa non é pra tanto. Aos dous lles convén chegar a un acordo. Por onde pasa a xustiza non quedan mais que os

osos por iso é mellor non manxinar siquera nela. Este é o consello d'un home que se veu envolteito nun prorrato, en tres preitos e en dous interdictos e que, tendo sido vineuleiro da cás mais ricaz da parroquia, pereiso pical-a pedra pra lle levar un cacho de broa aos meus picariños. Quérolles, por iso, dicir que arranxen a custión en paz e en gracia de Deus e xa que non houbo disgracia, non malfaden agora a cousa. É xusto que vostede —engadiu dirixíndose a min— lle dea algo a iste probe home. Non direi que sean cen pesos nin siquera a metade, pro algo si.

Xurei e perxurei de novo que aquel home era un trouleiro e que non había razón pra lle fer eu que dar cousa ningunha. Tornou a xurar e a perxurar o home que eu o quixera esnaquizar na estrada; e canso xa de tanta verba inútil e ollando que aquela xente facíalle mais caso ao meu contrario que a min, acordei rematar d'unha vegada; non fose conto, que me envoltesen nun expediente! Deille vinte pesos e, anque ao primeiro lle parecía pouco, os consellos do canteiro fixérono resolver que os collese e a esquencer todo. Gracias a Deus que me vin libre d'aquela pantasma!

Rubín ao automóvil e seguín camiño. No outo d'unha encosta apareceno coma por arte de meiguera as casas brancas e ledas d'unha viliña. Eran poucas pero cáxeque todas novas. As mellores acougaban ao longo da estrada que era a rúa principal. Parei diante d'un bar; senteime ao pé d'unha mesa e pedín un vermóuth. Da casa d'enfrente asomouse á fenestra unha meniña de cabelo roibo e rapado á *garçonne*, que, dimpois de me ollar con dencia uns instantes, recadouse pra dentro voltando acompañada de duas xovens que me fitaron co mesmo intrés con que un entomólogo ouserva un becho-

co estrano. Eu baixei os ollos algo avermellado e sentín que aló no meu peito rebuldaba unha cousa que me pareceu garbo. Quizaves me enganase e non fose mais que fachenda de me hachar á veira do meu Kalivera. Cando, ao cabo d'algún tempo, me estrevín a erguel-a ollada, fiquei apaivado. En total-as fenestras había xente fitando pra min; na porta d'unha botica sete papáns non me tiraban ollo; pol-o meio da rúa veu un fato de rapaces que con carís de admirazón cercharonnos a min e ao automovil.

Escomencei a sentirme aballoado ao ter tantos ollos enriba de min. Ou aquela xente era parva ou eu era un fenómeno dises que nos días de festa se amostan por un pataco drento d'un cortello. Un meniño saiu da botica e, meténdose no bar, díxolle ao dono que ficaba sentado algo arredado de min:

— De parte de meu pai que faga o favor de me de-
cir quen é ise que está ahí. — É sen' desemulo de
ningunha crás asinaloumè co dedo.

Aquilo xa era de mais. Dei unha palmada que fixo escorrenar aos rapaces que me arrodeaban e dimpois de pagar o meu gasto rubín ao Kalivera e botei a fuxir.

Cando pasei pol-o canto onde me atopara o pseudo atropellado sentín que a negrura d'un pensamento nubrava o limpo ceo do meu sinxelo e ledó vivir. Cicais fose a lembranza dos vinte pesos; cicais tamén a vergoña d'aquela bulra.

Algo mais adiante, n-unha revolta da estrada atopeime c'un automóvil parado e arredor d'il unhas cantas persoas. Parei eu tamén e fun cara alí a ver o que socedera. Un señor coa sua dona e duas que me pareceron fillas, falaban c'un home que conoscín de seguida: era o que se fruslara de min e me limpára vinte pesos. N'aquel intre berraba entre saloucos:

- Ai probiño de min, que por pouco me mata!
Meus filliños da i-alma, que sería de vos!

- Iso non é verdá! - dixo o señor - Foi vostede o que se deitou na estrada, i-eu ao velo arredei pra unha veira e parei...

Entón berrei eu con carraxe.

- Non lle dea vostede creto ao que diga iste home que é un argalleiro. Diste mesmo xeito limpoume a min vinte pesos e agora pol-o visto arelaba anovar o timo do atre pello. Por ista vez saíulle furada. E faga o favor de arredar de eiquí axiña si non quer que o meta na cadea.

O señor agradecido presentoume â muller e âs fillas e ofresceume a sua casa; eu fixen o mesmo. E dimpois de despedirme botamos a andare cada un pol-a sua banda.

IV

Cando aquela mañá cheguei pra xantar atopei enriba do prato unha carta dirixida ao meu nome. Era da sociedade «Unión automovilista» que me invitaba a inscribirme n'ela e â ir ao día seguinte, âs sete da serán, â sesión necrolóxica do seu presidente, facía pouco morto. E, como tiña eu o automovilismo metido no sangue e nos miolos, foi unha ledicia pra min o hachar xente das miñas afeizons con quen parolar e a quen me xuntar.

Ao día seguinte e â hora a señalada aparecín no baixo onde acougaba a sociedade. Na porta demandoume un porteiro se era socio; díxenlle que non.

mals que o arelaba sere. Apuntou o meu nome e levoume a unha sala onde había xa bastante xente e estaba pra escomezal-a sesión. Dei as boas tardes e sentei-me â veira dun home graxento que rosmou non sei que verbas ao fitar pra min.

Un dos que ficaban na testeira ergueuse e falou dirixindose a todos:

- Señores: pol-a miña calidade de vicepresidente tópome na precisión de vos dicir unhas verbas lembrando a persoa do noso presidente, d'aquil home tan querido e admirado por todos a quen a morte treizeira veu arrebatat de entre nós. Teño a seguranza que hoxe choradela sua saudade con bagu-llas acedas de desconsolo; tanto de vos era estimado! Aquil home que tantas gorias e tantos premeos conquiriu voando mais que correndo por isas estradas de Deus, aquil home que xogou a vida centos de veces, aquil valentè que aparovou coas suas ardencias a meio mundo, foi morrer deitado nun leito de infeizón dun carafuncho. Si poidera voltar â vida de novo morrería de carraxe e de vergoña. Pro nós non debemos facer caso á ista vinganza da morte. É preciso que a sua lembranza viva sempre acesa n-ista sociedade que tanto lle debe. Por iso ista diretiva acordou de facer no seu honor un xantar necrolóxico que se terá mañá no merendeiro do «Gato Branco». Atendo que non fallará ninguén. Non se trata d'unha larpeirada senón d'un aito de sentimento e de cultura. Non custará mais que vinte réas e haberá cousas moi boas, entre elas empanada de raxo e de sardiñas revenidas, que eran os manxares predileitos do difunto. Deixo dito.

Namentras falara, ao socio graxento que se achaba â miña veira entráralle o sono e fórase guindando enriba de min, hastra cáxeque botarme fora do tallo. Eu non quixen arredar porque tiven medo

de que ao facelo caíse no chan e se desbandullase. Poa iso respirei tranquilo cando os fories aprausos voltano á vida facéndoo por dereito!

Estiven pôr alí un pouco e non tardei en facer uns cantos amigos. E cando saín xa quedei citado pra os ire buscar ao día seguinte e leval-os no meu automóvil deica o merendeiro do «Gato Branco».

Xuntouse moitísima xente pra o xantar os derradeiros que chegaron non tiñan cáxeque onde acougar, pero nos que fomos do primeiro collemol-los mellores curros. Os meus amigos contáronme segredamente que non ían alí porque se lembrasen moito nin pouco do seu presidente senón porque era moi nafeizadoos á empanada de raxo. E até chegado a dicirme que o home que morría d'un carafuncho non podía perdurar moito tempo na lembranza dos seus somellantes.

A casualidade foime pôr á veira do vicepresidente, do que parolara o día antes aquelas verbas de recordanza encol do homeaxeado. Ao primeiro non falou nin atendeu à ninguén; botouse como un lobo ás revenidas e acugulou o vaso de viño.

Un silencio necrolóxico bateu as suas áas no ár. Non había quen falase porque as sardiñas daban moito que facer. Pero escomenzou o viño a correr e a ledicia a gurgullar nos beizos e entón trocouse o silencio en barullo tal que, pra se ouvir, tiñan uns que berrar nas orellas dos outros. O vicepresidente falaba pol-os cóbados. Dixome entre outras cousas que él tiña un irmán que era capaz de erguer un quintal de peso nos dentes e que á sua muller lle cheiraba o alento. Cando tivemos d'abondo confianza confeseille que aquila festa necrolóxica non me parecía moito seria pra persoas do seu praio.

- Vostede - díxome - coído que ten un concepto algo trabucado d'istas cousas i é preciso que lle eu

as esprai. O que a diretiva arelaba era que toda esta xente non se esquecesse decontado do noso difunto presidente á quen tantas melloras lle deben mos, xa que il foi quen amoblou a sã onde vostede estivo onte, endemais do que lle pagaba ao porteiro. Primeiro maxinamos facer o que se adoita n'istes casos; unha velada onde se botasen discursos, onde se lêsen poesias e onde a banda de automedontes interpretase a marcha fúnebre de Chopín. Mais é tan vello todo isto! Os socios abrirían a boca e espreguizariáanse de aburrimto; e a saída tratarían de esquecer pra sempre a figura d'aquela outa persoalidade, porque a súa lembranza hacharíana decote envolveita nun senso repulsivo d'aburrimto e de tristura. Pro, en troques, facendo unha festa da crás da presente, os resultados son moi outros; cambean-do as causas, cambean tamén os efectos. Eiquí acougan moitos afeizoados á empanada de raxo, que, sempre que se lembren d'ela, lembraránse tamén do espírito do noso presidente. E d'iste xeito atinguimos xunguir en leda misturanza a idea da vida coa idea da morte...

Preto de nós, un home barbudo, de cara fera, que bebera non sei cantas dúcias do riveiro, botouse a saloucar coma un meniño. Os que ficaban á súa veira enxoitabanlle as bagullas e dábanlle palmadas no lombo.

- Non chore mais, don Andrés - dixéronlle - que o presidente era persoa honrada e a istas horas háchase no ceo mais ditoso que todos nós.

- Non me lembro agora d'iso - dixo pechando os ollos.

- E logo de que se lembra?

- Do felices que todos poideramos ser si a Eva non se lle ocorrira darlle a mazá a Adán. - E de novo voltou a saloucar esconsolado.

Catro ou cinco cantadores direitos e cos vasos no outo comezaron a entoar o «Brindis» de «Marina». O home graxento e cebado que tanto me fixera sufrir o día antes na sã de autos da sociedade, dormía deitado ao longo d'un tallo, metendo mais barullo ao roucar que o meu Kalivera ao rubir unha costa pina. Uns cantos rifaban a berros sobre que cras de bandaxes daban mellor resultado. Eu deime en pôr malencónico e en lembrarme da miña finada aboa.

Preto xa do serán deuse remate ao xantar necrolóxico. Denantes de sair cantouse a «Canción del Soldado» e déronse vivas a varias nazóns estranxeiras. Dous ou tres da Comisión foron poñer diversos telefonemas de saúdo e adhesión aos colegas d'outros povos e ás autoridades da capital.

V

Cando certa noite no leito púxenme a manxinar encol da miña vida fiqui pasmado. Eu non era o de antes; Aquil rapás calado e obedente, aquil mozo traballador e ordeado, suxeto de cote aos consellos do meu tío Bieito, non era o de agora derrochón, foupeiro e nugallán. Do meu tío me non voltara a lembrar. Tan tenro e garimoso como fora sempre connigo! Dendes que recibira os poucos cartos que herdara dos meus pais, non tiven tempos mais que pra paseiar no meu Kalivera e percurar o mellor adivertimento. Do meu emprego cáxeque non facía caso; unha semán, se cadra, non ía por alí mais que

tres ou catro días; teño seguranza que me non tiñan chimpado xa fora pol-a mor do meu tío que fora quen alí me metera.

A miña noiva tiña tamén moito esquencida; so ía pra onda ela, de cando en veces, se a choiva ou o estado do automóvil non me permitían saír de viaxe.

Pouco me restaba xa da miña herdanza. O diñeiro fuxía do meu peto como auga pol-os buracos d'unha criba. Tiña a man moi aberia e había quen se aproveitaba d'isto pra se dar unha boa vida. Recoñezo agora que fun moi trosma d'aquela; os pillabans non sô me desprumaban mais aínda se moqueaban de mña, enriba. O Kalivera tiña me gastado cáxeque outro tanto do que me custara en composuras. Endexamais dendes que o merquei estivo un sô día san de todo; parés que que tiña unha praga enriba de sí. Unha noite alá no meio d'un monte indo n'il c'un meu amigo, parou de súpeto e como non fomos homes a botalo a andar tive nos que ficar alí deica o outro día pol-a mañán en que pasou por alí outro automóvil cuio ducidor nos axudou ao pór en marcha. Outro día parteulle a direición e foi bater contra un albre da veira da estrada. Andar n'il era xogar a vida a cara ou cruz.

Meu amigo Xacinto Pedreira, díxome certo día que a súa noiva e mais a irmã arelaban contemprar o Sol-por dende o monte do Couto e, tendo eu como tiña, automóvil non me quixera facer a ofensa de lle pedir a outro o favor. Pol-o visto era eu o que lle tiña que quedar agradecido.

Sortimos unha serán pouco dimpois da hora do xantar. Detrás ían Xacinto coa noiva e diante eu coa irmã, unha muller de moi bôs sentimentos, pol-o visto, mais de cáxeque ningunha fermosura. Os dentes, semellantes aos d'un cabalo, saíanlle pra fora dos beizos sin llos deixar pechar; o narís tiña o

vermello, como unha cereixa pol-o San Xoan, e os ollos de puro saltons parecían os d'un año no intre do degolar. Emporiso tiña algo enriba do seu corpo que me fixo ficar admirado, pol-a beleza e aínda pol-o arte: as unllas. Tan vermellizas, limpas e polidas estaban que daba xenio ollar pra elas. Ben o debía saber a súa dona porque todo se lle volvía amostralas.

Atravesamos algunhas rúas da cidade cheas de xente e de carruaxes, outras máis silandeiras e ao fin a estrada cinguida por dúas rínglas de álamos. Namentras camiñabamos pol-a cidade eu non falei unha soa verba; Roxelia, a miña compañeira, tampouco. Mais en canto se atopou en prena natureza parés que se sinteu rexurdir.

- Qué fermosura de paisaxe! - falou entornando os ollos - Sinto unha emoción tan fonda e tan inespricabel, cando contemplo cousas belas, que cáxeque me dan ganas de botar a chorar. Debe sere porque eu son moi artista.

- E logo? - dixen eu por decir algo.

- Toco un pouco o piano e endemais gorentanme moitísimo os versos. Leeu vostede o «Tren espreso» de Campoamor?

- Si, fai moitos anos.

- A min é unha cousa que me encanta. Hasira sei de cora a carta que ela escrebe no leito de morte. Qué sentimento! Fai vir as bagullas aos ollos!.. Eu tamén teño feito algúns versos mais non os quero publicar porque me da vergoña que os boletís falen de min... Se non fose por iso cicais me decidira; as miñas amigas animanme moito e Xacinto di que non faría mal papel na Literatura.

- E que crás de poesía e a súa?

- Amorosa, cáxeque toda, pero teño tamén composicións adicadas á primaveira, aos alciprestes do

cimenterio, âs noites de luar e â caída da folla. Si quere, pasa mañan pol-a nosa casa e léollas todas pra que dea o seu consello.

—Mañan ou pasado irei por alá.

—Vaia âs oito. A isa hora facemos reunión con unhas cantas amigas. Bailamos, xogamos âs prendas e parolamos. Xa verá que ben o vai pasar.

Alá na lonxanía outeabase, inxente e maxestuoso o monte do Couto ferindo as albas nuvens cō seu curuto afiado. A estrada, como un regueiro branco, ia rubindo e voltexando por íl deica preto do cume. Era unha paisaxe soía e deserta; se non enxergaba por ningures latexo de vida.

Roxelia seguía falando e amostrándome as unllas. Agora decíame que non quería noivo porque sospeitaba que se chegaría a enamorar tanto d'íl, que endexamais o podería esquencer. Soio que atopase o home que ela íña soñado cambearía de aitude.

O Kalivera escomenzou a perder velocidade e a ir parando pasenñamente até ficar quedo de todo. Aquelo alporizoume. Descín apresá e ollei pol-o que poidese sere a causa d'aquil accidente; pero por mais que me esforcei non o puíden enxergar. Delle unhas voltas ao veo sin que o automóvil dése sinal de vida. Destoncias lembreime de que me esquencera de lle botar gasolina e quizaves se lle rematase i-esculcando no depósito vin que se hachaba valdeiro.

Ao comunicarlles a nova aos meus compañeiros quedaron calados sin acadaren aínda toda a sua gravidade. Pasado un pouquiño dixo Xacinto:

—Logo non nos podemos mover d'eiquí?

—Non.

—E como non hai povo ningún preto non temos onde hachar a gasolina que nos fai falla.

—Se cadra a pasar un automóvil por eiquí pódenos emprestar unha pouca.

—E se non pasa?

—Entón temos que ficar no monte do Couto deica que Deus nos queira mandar unha axuda.

As dúas mulleres romperon a chorar como madelas e a abocadar nos panos de man.

—Ai, probiñas de nós! Qué vai sere do noso creto! Valéranos mais morrer denantes de vir!

—Pode sere —dixen eu— que na sua casa ao vere que non chegan se lles ocurra viren n-outro automóvil por si pasou algunha disgracia...

—Pero o mais grave e que nos sortimos da casa sin permiso do noso pai...

—Estamosche bôs! rosmou xenreiramente polo baixo Xacinto.

Eu alen'aba a espranza de que alguén tiña de viaxar por aquela estrada e nos tiña de axudar a saír d'aquíl mal paso en que nos metera o Xalivera. Sentín tal carraxe escontra d'il, que o estimaba ollar feito migallas. Ao cabo de dúas horas de agarda calada e tristeira apareceu ao lonxe o primeiro viaxeiro. Era un home a cabalo d'unha mala besta que ao chegar carón noso tirou o chapeo e dou as boas tardes.

A sua presenza fixo xurdir no meu miolo unha coida. Respondendo às miñas preguntas, dixo que era d'unha aldeia que acougaba á veira da estrada, dúas leguas d'alí.

—Se vostede quixera e pagándolle o seu traballo podíanos facer un favor moi grande.

—No que na miña man estea...

—Era ir a cidade e avisar un automóvil que nos trouxese gasolina.

—Iso sí que llo non poido facer. Levo oito leguas andadas a cabalo e teño os cadrís que non sei se

son meus ou da besta, Pero se teñen moito intrés e pra que vexan quen é Xan de Pedrouzos poño á súa disposición o animal, que por certo ten mellores feitos que presenza, pra que un de vostedes faga o viaxe.

Non era cousa de se pôr a parolar perdendo o tempo nin de dubidar ante o ofrescemento. O sol ía fuxindo tras das montañas e se non queríamos que a noite nos collese no camiño era preciso tomar unha determinación canto antes. As mulleres non finaban de esbagullar, pidíndonos por nosa nai que as levásemos deseguida pra casa, chegando a tanto o seu desconsolo, que até querían botar a andar elas soas.

- Boeno - díxenlle a Xacinto - un de nós ten que montar na besta e ire avisar a outro automóvil que nos traia canto antes gasolina. Maxino que eu será millor que fique eiquí, por si cadra a pasar alguén que nos preste axuda, pra endreitarme entón cara a cidade.

Coñecínlle na faciana que arrenegaba do instante en que se decidira a facer tal viaxe, do Kalivera, de min, da noiva e hastra de probe da besta que o viña a pôr n'outro apreto e a lle dar mais traballos. Se falara todo o que maxinaba ía sere cousa de tapar os ouvidos. Por fin ante os saloucos dōridos das nosas compañeiras decídeuse ao sacrificio e, montando á cabalo, arreoulle uns cantos paus á besta e saíu trotando estrada abaixo.

Xan de Pedrouzos, dimpois de nos encarregar onde lle habíamos de deixar o animal cando voltase, díxonos que íña tomar meio netiño de viño fervido e a se meter no leito que boa falla lle facia.

Argallei unhas cantas parvadas pra ver si facía voltar a ledicia que de nos fuxira, díxenlle ás meniñas que aquelas bágoas se tiñan de trocar mañán en

sorrisas asallosas lembrando os apertos d'hoxe e hastra cheguei a gabar a beleza das unllas de Roxelia; mais todo en vao: unha nuble de tristura ciniase encol de nós.

Púxose o Sol e as somas da noite comezan a conquistar o fondo do val e as espesidumes das carballleiras. As nublens finxidas de vermello foron perdendo a sua côr e trocándose en escuras masas que se confundían côs curutos dos montes. Algunhas estreliñas deixaron esbesullar seu cintileo no teito mouro do ceo.

Eu ficaba calado porque non me viña ao maxín ningunha coida de esperanza ou de consolo capás de enxoiar as bágoas que deitaban os ollos de Roxelia e mais da irmã. As probes estaban esconsoladas. Sabe Deus o que a xente marmularía cando soupese que fixeran aquel viaxe. E seu pai? Sô de matinar na escea de cando chegasen a casa tremían de medo e congoxa.

Ollaban na lonxanía e escoitaban arelantes calquera bruido cõ pensamento posto sempre na chegada de Xacinto. Mais Xacinto non chegaba e a noite pechaba. Os sapos e os grilos saindo dos seus furados enchian o ar de algareiro barullo.

Ao fin, aló preto das dès, brilaron no fondo da estrada dous ollos de xigante que outeaban na escuridade sin pestenexar, Rubiu apresa a costa e ao chegar onda nos ficou quedo.

- Non puiden vir denantes porque o díaño da besta, por mais que lle losquei bos paus, nou quixo camiñar mais que a paso de procesión - dixo Xacinto cando baixou do automóvii.

- Qué lle imos facer? Bulamos agora pra chegar o mais axiña.

Boteille gasolina ao Kalivera e, unha vegada ace-

so, acelerei n'íl vingadivo deica restar meio atordoado cõ bruido.

Logo dimpois camiñábamos cara â cidade, cavilando n'aquela aventura parva, e estúpida, que tan noxentamente viñera a augarnos a festa. Ao chegar, despedínme de Roxelia e da noiva de Xacinto con fria cirimonia, pedíndolle mil perdós por aquel meu descordo que tanto as fixera saloucar e funme a gardal-o automóvil arrenegando d'íl,

VI

Ao día seguinte, cõ chocolate, rescibín unha carta. Pol-a letra coñecín que era da miña noiva. Abrina e, namentras mollaba unha sopa, púxenme a lér. Diciame que lle doía moito o paso que ia dar, pro que non tiña mais remedio que dalo. Ela a min benquixerame decote; ninguén mais que eu aniñara no seu peito; o seu cõr por ninguén latexara se non por min. Non tiña dereito â correspondenza do seu amor? Ela coidaba que sí; escadasí, sabía que eu non a quería. Fuxía d'ela canto podía, demostrando eisi que a sua compañia me causaba desazón e aburrimiento. Denantes de mercar o Kalivera sabía que estaba enamorado; dimpois parés que fuxira a felicidade... Pero o que a decidira a rachar d'unha vez pra sempre os nós de amore que nos xunguían non era sõmente iso. Era o que ela ollara onte, dimpois do xantar. Eu e mais un amigote no meu Kalivera con duas mulleres de pouco mais ou menos. Se non tiña vergoña, tiña a ela, e por iso me pedía que lle

non falase endexamais e nin xiquera ollase pra ela. Engadía que non matinase tampouco escribirlle porque me devolvaría as cartes sin as abrir.

Pra que mercaría eu o Kalivera?

Ao entrar no esquirtorio díxome un dependente:

- Denantes de escomenzare a traballar que faga o favor de falar con don Leixandre.

- Onde está?

- Olle ahí, no seu despacho.

Aquilo non me dou boa espiñada. Facía xa dous días que fallaba e poida que o xefe estivese encabuxado.

- Pódese entrar?

- Adiante!

- Bôs días D. Leixandre; como descansou?

- Ben. Faga o favor d'acougar que temos que parolar unhas verbas.

- Estou a sua disposizón.

- Vostede coida que eu pago aos meus empregados pra que anden por ahí de parranda?

- Onte nin antonte non puiden vir por que se me presentou un compromiso que...

- Boeno boeno, a min todo iso tenme sin coidado.

O piquer é que vostede falla â sua obriga dende fai unha tempada, cáxeque todol-os días. Xa me dixó onte seu tío Bieilo que ise automóvil que mercara tiña de facel-a sua disgracia. Pol-o visto afíxose vostede a vida de millonario e faille cóxegas o traballo. Aló vostede. Pode facer o seu degoiro que eu farei tamén o meu. Como eiqui fai falla xente que traballe e vostede non quería traballar hai xa outro empregado no seu canto. Eiqui ten o que se lle debe Deus lle depare moita sorte,

Sen dúbida que fora o diaño quen me metera na cachola que mercara o Kalivera.

Pol-as costas abaixo era outro. Se cadra ao dei-

xa ir ceibo, si lle pôr o pé no freno, non sei o que sería de min. Emporiso aquela serán, baixando pol-a pina costa dos Barreiros, de volta de Barcala, non sei como se me ocorreu darlle unha pouca de liberdade. En chegando xa ao fondo atopeime c'unha ponte pequena que volteaba de súpeto. Non virei ben, patinou o automóvil e fúmonos a rolos pol-o monte abaixo, batendo en albres e penedos. Eu non me lembro de ren porque perdín o acordo asemade. Según me dixeron dimpois, aquilo fora unha estragueira. O Kalivera ficaba estrizado e eu cáxeque tamén. Outro automóvil que pasou por alí, pouco tempo alén, recolleume meio morto e levoume ao hospital. Cando dous días mais tarde voltei en min atopeime n-un leito morno e mol arrodeado de agarrimosos cuidados. Á miña veira ollei a tío Bieito. Hachábame na sua casa.

Que xenreira tan magoadora sentía aló no fondo do meu peito, maxinando na miña pasada vida! O que mais me fería era a lembranza do noxenío e inxusto rompimento cō meu tío. Como fora capás d'eu facer aquilo? Sen dúbida que eu era outro.

O meu tío Bieito debeume lêr na testa os pensamentos porque dixome:

- Inda que ti rifaches connigo e te arredaches de min, eu nin rifei nin m'arredei de tí. Seguíu sendo o teu tío, un vello que adeprendeu nos seus longos anos que o mundo é o mellor mestre. Teño a seguranza que n-este intre xa che pesa ter feito o que fixeches. Ti eres bō, Xulio, mais eres tamén algo rapás...

- Se vira meu tío que carraxe sinto contra min mesmo!

- Boeno, agora fai por esquecer todo. O que che fai falla e percurar pol-a saúde...

Preto de dous meses botei no leito co meu corpo cáxeque todo empanado. As feridas foron moitas e

perigosas. Por fin, pudenme erguer e dar uns paseos pol-o caban, mais como perdera moito sangue estaba moi imbele e fññame que acougar axiña. Aquela mañán ficaba xa ergueito cando chegou de fora meu tío.

- Qué. - pregunteille - trouxeron-o xá?

- Sí, pero tan esvencellado que non serve pra ren.

- Mellor. Parés que sinto un certo lecer de vinganza ao saber que endexamais voltará a facer frus-la de min. Háchome ledo coma o escravo a quen seu amo concede a liberdade na hora da morte.

- Hai que vendelo por ferro vello. Ninguén o quer mercar d'outro xeito.

- Déixeo ir meu tío, que vaia con ben. E deamos gracias a Deus por nos ollar libres de semellante agoiro.

Púxenme a follear os boletíns da mañán. Na segunda páxina, no meio e meio, fitei unha carta, escrita en chamativos caracteres que decía: «Ao representante do automóvil Kalivera. - Meu apreciabel amigo: Quero facer pública a miña satisfacción pol-o adequerimento do seu automóvil. Dendes que o merquei, non tivo o mais pequeno tropezo. Cada día háchome mais satisfeito de empregar os cartos n-il. Seu affmo. s. s.» E alí a miña firma dando fé de tamaña mentira. Vaia todo por Deus.

Xulián M. Magariños Negreira.

Compostela XI - 1925.

NON ESQUENZA DE MERCAR

COUSAS por CASTELAO

Prezo CATRO pesetas

AUGAS MINERO-MEDICINAES
BICARBONATADO - SÓDICAS
DE
MONDARIZ

FONTES DE GÁNDARA E TRONCOSO
AS MAIS ALCALINAS DE HESPAÑA
PROPIEDAD DE OS
FILLOS DE PEINADOR

Lea vostede o boletín mensual da
Cultura Galega

— **N Ó S** —

que aparece con toda regularidade o
15 de cada mes.

Suscripción a 12 números 6 pesetas
número solto 1 peseta

ADEMINISTRACION E IMPRENTA

Real, 36 1.º — (A Cruña)

